



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMARIÑAS

DOCUMENTO PARA
APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENACIÓN

TOMO I

- ESTUDO ECONÓMICO



ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO

**ÍNDICE**

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1. ENCADRE SOCIOECONÓMICO.....	4
1.1.1. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA.....	4
1.1.2. O PARQUE DE VIVENDAS.....	5
1.1.3. O SISTEMA PRODUTIVO.....	6
1.1.4. O TECIDO EMPRESARIAL.....	7
1.2. A FACENDA MUNICIPAL.....	8
1.2.1. ANÁLISE DA FACENDA MUNICIPAL.....	8
2. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN.....	12
2.1. A ELECCIÓN DO SISTEMA ESTRATÉXICO ECONÓMICO.....	13
2.2. CRITERIOS DE PROGRAMACIÓN. HORIZONTE DO PLAN.....	13
2.3. ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PXOM.....	16
2.3.1. O SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS.....	16
2.3.2. O SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES.....	17
2.3.3. O SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.....	18
2.3.4. O SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS E TRANSPORTES.....	19
2.4. ACTUACIÓNS PREFERENTES.....	20
2.5. ORDE DE PRIORIDADES DOS ÁMBITOS DE PLANEAMENTO.....	21
2.6. ESTRATEXIA XERAL. PROGRAMA DE PRODUCCIÓN DE VIVENDA.....	24
3. ESTUDO ECONÓMICO FINANCEIRO.....	28
3.1. CUANTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PLAN.....	29
3.1.1. SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS.....	29
3.1.2. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES.....	29
3.1.3. SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS.....	30
3.1.4. P.E.P.R.I. DO CASCO HISTÓRICO.....	30
3.1.5. PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	31
3.1.5.1. Plan Sectorial de Camariñas (5 Ha).....	31
3.1.6. ACORDOS DE CONVENIO INCLÚIDOS NO PXOM.....	31
3.1.6.1. Sector de Solo Urbanizable Industrial SUI-B1.....	31
3.2. AVALIACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PLAN.....	32
3.2.1. COSTES DE URBANIZACIÓN DOS SISTEMAS LOCAIS EN ÁMBITOS.....	37
3.3. RESUMO DO FINANZAMENTO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS.....	38
3.4. DETERMINACIÓNS FINAIS SOBRE O FINANCIAMENTO TOTAL DO PLAN.....	39



1. INTRODUCCIÓN.



1.1. ENCADRE SOCIOECONÓMICO.

1.1.1. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA.

Na provincia da Coruña produciuse un retroceso demográfico xeral en tódalas comarcas, coas excepcións das áreas de influencia directa das cidades da Coruña e Santiago.

Neste proceso de despoboamento salienta o despoboamento que experimentou a comarca de Terra de Soneira que perdeu nos últimos dez anos máis do 11% da súa poboación.

Como dato positivo cabe sinalar, que aínda perdendo poboación, o grupo poboacional estranxeiro aumenta máis do dobre nesta comarca, pasando dun total de 128 persoas ás 263 existentes no 2007.

No que se refire á estrutura poboacional esta comarca presenta unha das estruturas máis mozas da provincia da Coruña, cun 13,4% de poboación de menores de 15 anos, só superada pola comarca de Fisterra.

AMBITO XEOGRÁFICO	% 0-15	% 16-64	% MAIOR 65
COMARCA DE A CORUÑA	12,3	70,2	17,5
COMARCA DE BETANZOS	10,8	62,5	26,7
COMARCA DE BERGANTIÑO	12,5	66,7	20,8
COMARCA DE TERRA DE SONEIRA	13,4	65,4	21,2
COMARCA DE FISTERRA	13,7	67	19,3
PROVINCIA	12,7	12,7	19,5
GALICIA	11,7	11,7	20,8


	1981	1986	1991	1996	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Camariñas	7220	7444	7410	7349	7105	7063	6813	6747	6620	6597	6502	6467	6323	6275

	1981	1986	1991	1996	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Terra de Soneira	24195	24196	23660	23236	22353	22226	21791	21694	21388	21228	20886	20713	20399	20188

Evolución histórica da poboación no concello e na comarca de Terra de Soneira

A evolución demográfica do concello de Camariñas vai parella á da súa comarca, tendo unha perda continuada de poboación nos últimos dez anos.

De calquera xeito, as cifras que non son insubstanciais e, polo tanto, debeñen importantes, débense interpretar axeitadamente no sentido da oportunidade, pois obríganos a aproveitar as vantaxes e fortalezas do concello de Camariñas, para levar a cabo as propostas que dende o PXOM se definen, para corraxir e mellorar esta evolución poboacional negativa, apoiándose sobre todo na fixación de poboación nova coa creación de emprego no concello.



1.1.2. O PARQUE DE VIVENDAS.

No referente ao parque de vivendas maniféstase o mantemento dunha liña moi positiva de **crecemento** para o seu conxunto comarcal, pasando dun total de 5.809 vivendas en 1960 a un total de 9627 censadas no ano 2001, polo que o incremento das vivendas entre 1960 e 2001 para o conxunto comarcal foi do 65.7%, moi por baixo dos incrementos constatados no municipio de Camariñas para o mesmo período (incremento do 160%) que supuxo o pasar das 1623 vivendas censadas en 1960, ás 4228 censadas no 2001.


O **estado de conservación**, a nivel comarcal, do parque residencial é, en termos porcentuais, moi parello en tódolos concellos de Terra de Soneira, o 89,7% dos edificios destinados principalmente a vivenda da comarca están en bo estado, 6.6% están nun estado deficiente, o 2.1% están nun estado malo e só o 1,5% están en estado ruinoso.

O parque de vivendas, tanto da comarca como de Camariñas divídese da seguinte maneira:


	Vivendas familiares	Principais	Secundarias	Baleiras	Outro tipo	Edificios	Locais
Terra de Soneira	9627	6241	750	2631	4	7922	1212

	Vivendas familiares	Principais	Secundarias	Baleiras	Outro tipo	Edificios	Locais
Camariñas	4228	2129	406	1692	0	3152	573

A nivel municipal cos datos manexados transmítense unha forte tendencia urbanizadora arredor da vila de Camariñas ou núcleos tradicionais e tímidos xurdimentos de vivendas illadas no territorio desapegadas da vila, constatándose un proceso de compactación urbana polinucleada.



Polo que se refire ás **licenzas** de construción nos últimos anos (2001-2008), a media, sen discriminar a tipoloxía, é dunhas 50 vivendas ao ano; deste xeito no censo de 2001 aparecen 4.228 vivendas, que coas 300 vivendas novas supón un total de vivendas no concello 4.528.



1.1.3. O SISTEMA PRODUTIVO.

O sector primario é o principal no concello, sendo a actividade pesqueira un dos principais motores da economía camariñán e tamén de toda a beiramar da comarca (ou sexa, Camariñas e Laxe). Fala por si mesmo o dato de que no litoral comarcal a pesca ocupa a máis do 50 % da poboación activa. De calquera xeito, e desde o punto de vista económico, trátase dun sector cunha infraestrutura modesta que supón o 7,70 % do número de buques da provincia da Coruña e 6,21 % das toneladas de rexistro bruto provinciais.

O sector pesqueiro necesita poñerse ao día en aspectos estruturais, actuacións como a nova lonxa, a fábrica de xeo inauguradas en xullo do 2008 ou a mellora dos portos de Camariñas e Camelle que se están a facer a día de hoxe, incentivarán a mellora do sector, circunstancias que a ordenación tivo en conta para o seu dimensionamento.



No que atinxe ao sector agro-gandeiro, prodúcese un descenso notorio das actividades agrícolas, baixando notoriamente a porcentaxe de terras labradas no concello ao igual que en toda a comarca de Soneira.

O sector da industria e a construción, ao igual que o sector primario, ten carencias estruturais (debilidade do capital autóctono, falta de solo, baixa cualificación profesional, eivas no sistema de comunicacións; etc.) determinan na actualidade un sector industrial moi ligado ás actividades tradicionais (artesanía téxtil, pequenas serrarías, etc.). Xa que logo, os niveis de desenvolvemento industrial na comarca aparecen moi por baixo dos niveis medios provinciais.

O sector servizos é o que ocupa á maior poboación no concello

SECTORES	OCUPADOS POR SECTORES ANO 2001		
	TOTAL	HOMES	MULLERES
AGRICULTURA	53	27	26
PESCA	549	445	104
INDUSTRIA	361	141	220
CONSTRUCCIÓN	394	386	8
SERVIZOS	703	331	372

1.1.4. O TECIDO EMPRESARIAL.

A estrutura empresarial é feble. Desde o punto de vista da evolución, nos últimos lustros cabe salientar un feble dinamismo do emprego e unha caída da poboación.

Na estrutura produtiva de Camariñas predomina o sector servizos, aínda que de forma non moi marcada, xa que o segue de cerca o sector pesqueiro, sector importantísimo na estrutura produtiva do concello, así o sector pesqueiro camariñán supón só 7.7% do total de Galicia. Do total da poboación ocupada o 34.1% dedícase o sector servizos, o 26.6% o sector pesqueiro, o 19.1% o sector da construción, o 17,5% o sector da industria e tan só o 2.5% á agricultura (IGE 2001). En termos comparativos con outras áreas máis urbanas do país resulta moi modesto o peso da industria.

O concello non conta con ningún polígono empresarial, polo que tódalas empresas están situadas dentro dos núcleos urbanos ou rurais. Xa está aprobado o Plan Sectorial de Áreas Empresarias da Comunidade Autónoma de Galicia, no que na provincia da Coruña destaca a concentración de actuacións nos municipios costeiros. Nesta provincia localízanse 16 parques empresariais, o 41% das actuacións, que supoñen o 36.6% do total do solo contido no plan sectorial, delas máis da metade localízase na Costa da Morte. Cunha superficie de 232 Ha distribuídas en 8 actuacións noutros tantos concellos: Camariñas, Carballo, Cée, A Caracha, Laxe, Malpica, Muxía e Vimianzo. Camariñas é unha pequena actuación local de 5 Ha directamente vinculada á reactivación económica de municipios costeiros afectados polos vertidos do Prestige.



OFERTA DE SOLO E DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN,
NO PLAN SECTORIAL DE ÁREAS EMPRESARIAIS

CAMARIÑAS	
ÁMBITO DE SERVIZO	COMARCAL-BÁSICO
TOTAL DE EMPRESAS POTENCIALMENTE DEMANDANTES	957
EMPRESAS DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	597
SUPERFICIE DE ACTUACIÓN	5Ha

A día de hoxe a superficie de actuación do Plan Sectorial de Áreas empresariais é, a todas luces, moi escaso. Deste cabe destacar que a asociación de empresarios “Área industrial Ponte do Porto” ten asinado xa un convenio co concello para a incorporación ao P.X.O.M. dun sector de solo urbanizable delimitado de uso empresarial en Ponte do Porto.


1.2. A FACENDA MUNICIPAL.

1.2.1. ANÁLISE DA FACENDA MUNICIPAL.

Neste primeiro apartado cómpre facer un estudo de aproximación ao estado de contas do concello, para termos unha aproximación á imaxe da capacidade de investimento do concello de Camariñas. Observando o estado da facenda municipal tentaremos comprender como foi nos últimos anos a distribución de ingresos e gastos derivados do modo de actuar municipal, o que poderá reflectir unha imaxe moi real do estado financeiro deste concello. Así pois, poderemos ver os trazos indicativos sobre a orixe dos ingresos cos que conta anualmente o concello (ingresos propios do concello de carácter tributario, nos capítulos 1, 2 e 3; Transferencias Correntes, cap. 4 e Transferencias de Capital, cap. 7) e a distribución do gasto (Gastos de Persoal, Gastos Correntes e Investimentos).


O resultado pódese enfocar despois cara a prever novos investimentos xustificadas nun proceso histórico de mantemento de ingresos, ou ben a tentar dar un xiro que deveña en novos modos de planear os posibles ingresos por taxas e impostos, de transferencias de capital, e os conseguintes investimentos axeitados aos novos desenvolvementos previstos.

Podemos analizar nun primeiro momento a relación no período 2002-2011 dos ingresos por Transferencias de Capital e os gastos do capítulo 6 en Investimentos Reais. Os ingresos por Transferencias de Capital foron variando moi accidentadamente, pois entre o ano 2002 e 2003 hai un importante salto (variando entre 240.182 euros do 2002 e os 1.028.735 euros do 2003 debido a catástrofe do “Prestige”) e un progresivo decrecemento ata o ano 2008, e logo crece ata 2010, baixando novamente en 2011. Estas variacións foron debidas ás oscilacións das transferencias da Xunta e a Deputación, agás no ano 2003 no que a gran variación de ingresos foi debido aos ingresos do Estado.



Dentro desta distribución dos ingresos por Transferencias de Capital, sinalar finalmente que a principal administración por importe do ingreso total no período 2002-2011 é a Deputación da Coruña, co 50,20% do total, mentres que a Xunta tan só chega ata o 19,03% do total e o Estado ao 30,77% do total do ingreso.

No referido ao apartado de gastos, a análise refírese ao capítulo 6 de investimentos reais, dos que se ten achegado datos entre os anos 2002 e 2011. Neste campo salienta o importante pico de investimento das contías deste capítulo no ano 2003 e 2009-2011, e mantemento dunha liña ascendente continua dos investimentos nos períodos intermedios.





Na evolución dos gastos, o total de gastos correntes (cap. I a IV) presenta taxas de crecemento considerablemente superiores á dos ingresos (un 73% de crecemento de taxa anual de gasto fronte a un 22% de taxa anual de ingresos no período analizado). De se manter esta circunstancia nos vindeiros exercicios, pode supor un empeoramento da capacidade financeira do concello.

Na estrutura de gastos correntes evidénciase a importancia do carácter preponderante que adoitan presentar os gastos de persoal. Esta circunstancia foise mantendo ao longo do período, é dicir, no ano 2002 supoñía o 46,17% do gasto corrente e no ano 2011 increméntase minimamente, chegando ao 46,86% do mesmo. Así mesmo, os gastos en compra de bens e servizos é outra das variables que máis inflúe no gasto corrente total, supoñendo o 50,92% do gasto corrente total no 2007.

A carga financeira (cap.III mais cap. IX de gastos) medrou durante o período analizado dos 95.459€ no 2002 ata os 291.818€ no 2011.

En termos comparativos, os ingresos correntes liquidados no exercicio 2003 no concello equivalentes a 561 €/habitante e os gastos equivalentes a 616 €/habitante son, respecto dos valores medios dos concellos galegos, superiores nun 25,7% no que respecta aos ingresos correntes e nun 27,5% no referente aos gastos, segundo datos correspondentes ao último exercicio dispoñible na estatística do I.G.E. de 2003, sendo de 446 €/habitante os ingresos correntes liquidados e de 483 €/habitante en gastos correntes.

Exponse a continuación o cadro xeral da análise realizada para este período 2002-2011, onde se poden ver os importes parciais e totais por capítulos, estruturados en dous apartados xerais de ingresos e gastos.



		CAPITULOS	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	
Ingresos	Ingresos Correntes	1 CAP. I IMPOSTOS DIRECTOS	648.461	552.003	639.701	643.620	680.893	687.882	663.437	873.547	1.352.252	1.100.361	
		2 CAP. II IMPOSTOS INDIRECTOS	536.441	12.370	18.865	85.183	54.852	54.672	24.385	25.944	11.643	48.994	
		3 CAP. III TAXAS E OUTROS INGRESOS	431.376	455.410	490.011	461.363	598.773	559.777	639.408	602.161	584.182	542.824	
		4 CAP. IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.221.637	1.649.981	1.674.485	2.667.600	2.275.239	2.863.151	2.680.315	2.491.467	2.139.011	1.894.730	
		41 De Organismos Autónomos Administrativos da Entidade Local	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
		42 Do Estado	786.652	1.185.281	920.288	1.907.961	971.977	1.139.520	1.091.863	1.136.139	1.039.294	916.035	
		45 De Comunidades Autónomas	268.311	382.933	522.780	479.184	1.064.693	1.442.294	1.280.395	913.616	760.792	597.642	
		46 De Entidades Locais	153.838	71.865	220.015	236.804	226.997	270.258	285.630	422.569	324.356	355.127	
		47 De Empresas Privadas	12.836	9.902	11.402	0	11.572	11.078	22.428	19.143	14.568	15.846	
	48 De Familias e Institucións sen fins de lucro	0	0	0	43.652	0	0	0	0	0	0		
	49 Do Exterior	0	0	0	0	0	0	0	0	0	10.080		
	5 CAP. V INGRESOS PATRIMONIAIS	96.104	4.571	2.813	5.022	8.071	5.260	3.588	2.587	557	1.264		
	6 CAP. VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0		
	7 CAP. VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	240.182	1.028.735	583.676	606.482	696.582	561.725	559.365	1.507.216	1.253.771	959.866		
	71 De Organismos Autónomos Administrativos da Entidade Local	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0		
	72 Do Estado	0	642.392	0	0	0	14.410	0	1.104.424	484.403	52.415		
	75 De Comunidades Autónomas	54.183	14.181	110.679	429.369	169.917	197.324	130.959	55.984	147.771	110.778		
	76 De Entidades Locais	185.999	365.675	166.264	127.913	434.605	349.992	353.406	346.808	621.598	796.673		
	77 De Empresas Privadas	0	0	0	0	92.061	0	0	0	0	0		
78 De Familias e Institucións sen fins de lucro	0	6.488	306.734	49.201	0	0	75.000	0	0	0			
79 Do Exterior	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0			
8 CAP. VIII ACTIVOS FINANXEIROS	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0			
9 CAP. IX PASIVOS FINANXEIROS	96.162	0	26.712	158.499	207.093	391.154	405.296	541.245	926.139	0			
		Dereitos recoñecidos netos	3.270.363	3.703.070	3.436.263	4.627.770	4.521.504	5.123.622	4.975.794	6.044.167	6.267.555	4.548.039	
		Comparativa en %		13,23	-7,21	34,67	-2,30	13,32	-2,89	21,47	3,70	-27,44	

		2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011			
Gastos	Gastos Correntes	1 CAP. I GASTOS DE PERSOAL	920.153	1.101.430	1.164.505	1.275.455	1.866.208	2.023.343	2.042.816	1.894.845	1.611.221	1.622.503		
		2 CAP. II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	993.442	1.166.353	1.349.478	1.463.244	1.582.544	1.807.670	2.061.584	1.990.523	1.900.893	1.763.286		
		3 CAP. III GASTOS FINANXEIROS	24.283	21.466	17.326	15.444	16.922	30.626	52.844	41.865	49.814	56.355		
		4 CAP. IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	54.890	53.309	69.414	60.224	70.055	87.878	105.703	94.710	89.681	20.533		
	Gastos	6 CAP. VI INVESTIMENTOS REAIS	777.446	1.643.377	905.147	1.073.950	1.090.369	1.309.968	913.105	1.926.661	1.573.238	1.572.701		
		60 Investimentos novos en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	36.826	348.834	123.580	192.267	502.155	397.635	582.302	257.481	455.363	531.500		
		61 Investimentos de reposición en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	431.821	1.012.919	597.993	84.595	345.970	132.916	206.578	1.180.627	215.370	770.032		
		62 Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	182.835	140.344	179.784	770.622	227.612	747.739	118.082	402.544	624.973	242.467		
		63 Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos	125.963	141.281	3.789	26.467	14.633	31.677	6.143	86.009	277.533	28.702		
		64 Gastos en investimento de carácter inmaterial	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0		
		68 Gastos en investimento de bens patrimoniais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0		
		69 Investimentos en bens comunais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0		
		7 CAP. VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	47.273	4.322	0	0	59.522	55.404	14.320	72	531	0		
		8 CAP. VIII ACTIVOS FINANXEIROS	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0		
		9 CAP. IX PASIVOS FINANXEIROS	71.176	77.859	75.346	84.915	87.851	98.409	128.724	144.307	201.518	235.463		
				Obrigas recoñecidas netas	2.888.663	4.068.117	3.581.216	3.973.232	4.773.472	5.413.298	5.319.095	6.092.984	5.426.897	5.270.842
				DIFERENCIA Total	381.700	-365.047	-144.953	654.538	-251.968	-289.676	-343.301	-48.817	840.659	-722.803

CAPITULOS	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
% GASTO CORRENTE s/TOTAL	68,99	57,58	72,62	70,83	74,07	72,96	80,14	66,01	67,29	65,69
% GASTO CAPITAL s/TOTAL	28,55	40,50	25,27	27,03	24,09	25,22	17,44	31,62	29,00	29,84
% GASTO FINANXEIROS s/TOTAL	2,46	1,91	2,10	2,14	1,84	1,82	2,42	2,37	3,71	4,47
	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
INGRESO CORRENTE	2.934.119	2.674.435	2.825.974	3.862.889	3.617.929	4.170.842	4.011.234	3.995.805	4.087.188	3.587.009
INGRESO CAPITAL	240.182	1.028.735	583.676	606.482	696.582	561.725	559.365	1.507.216	557	11.344
INGRESO FINANXEIRO	96.162	0	26.712	158.499	207.093	391.154	405.296	541.245	926.139	0
GASTO CORRENTE	1.992.768	2.342.558	2.600.723	2.814.367	3.535.729	3.949.517	4.262.946	4.021.944	3.651.609	3.462.677
GASTO CAPITAL	824.719	1.647.699	905.147	1.073.950	1.149.891	1.365.372	927.425	1.926.733	1.573.769	1.572.701
GASTO FINANXEIRO	71.176	77.859	75.346	84.915	87.851	98.409	128.724	144.307	201.518	235.463
INGRESO - Gasto CORRENTE	941.351	331.877	225.251	1.048.521	82.199	221.326	-251.713	-26.139	435.579	124.332
GASTO - Ingreso CAPITAL	584.537	618.964	321.470	467.468	453.309	803.647	368.060	419.516	1.573.212	1.561.357
INGRESO - Gasto FINANXEIRO	24.986	-77.859	-48.634	73.584	119.242	292.745	276.572	396.938	724.621	-235.463

No que atinxe á actividade investidora do concello, cómpre ter presente que se analizará con mais detenimento no apartado 3.1 do Informe ou memoria de sustentabilidade económica.



2. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN.



2.1. A ELECCIÓN DO SISTEMA ESTRATÉGICO ECONÓMICO.

A Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante LOUG) no seu Art. 60 establece as condicións da estratexia de actuación e o estudo económico. Ambos documentos, ao noso entender, deberán atender á maior ou menor complexidade urbanística do concello de que se trate, para escoller a opción máis acaída en cada situación de planeamento específica.

En virtude do anterior, o artigo 60.3 da LOUPMRG establece que “O plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello”.

Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado.

Así mesmo, determinarán os ámbitos de actuación preferente en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado, para os que deberán fixarse os prazos e as condicións en que teñan que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares, así como as determinacións da ordenación detallada, sen necesidade de remisión ao planeamento de desenvolvemento.

Dado que na LOUG non se regula polo miúdo o nivel de detalle co que o Plan deba desenvolver as previsións e valoracións denantes citadas, enténdese que, dentro dos lindeiros do sentido común, corresponde ao Concello que elabora o Plan o decidir sobre as dúas opcións estratéxicas e de previsión de actuacións.

A capacidade de xestión do Concello de Camariñas é relativamente pequena, como non podía ser doutro xeito nun concello de reducida poboación, en directa relación coa súa capacidade económica e financeira. Xa que logo, parece lóxico proceder a elixir para as previsións do planeamento a opción máis sinxela de entre as previstas no corpo legal denantes citado, ou sexa a de incorporar ao Plan Xeral de Ordenación de Camariñas unha estratexia de actuación para o desenvolvemento dos sistemas xerais, incluíndo ademais as novas accións privadas concertadas, e tamén as accións públicas programadas.

2.2. CRITERIOS DE PROGRAMACIÓN. HORIZONTE DO PLAN.

Non é doado planificar o desenvolvemento dun Plan Xeral nun concello dunha certa complexidade, non polo tamaño do concello, senón pola falta de experiencia de desenvolvemento urbanístico. Ademais respecto á figura urbanística vixente neste momento no concello, unha Delimitación de Solo Urbano do ano 1981, o novo PXOM vai supor un salto



cuantitativo e cualitativo moi importante, porque se vai redactar con modernas técnicas que permitirán ter controlada a inxente información que se precisa manexar para ter controladas as magnitudes que dependen das diversas fontes documentais, estatísticas e planimétricas que imos a empregar para acadar os parámetros de dimensionado do Plan.

A secuencia que empregaremos para establecer os parámetros dimensionais do plan partirán das claves conxunturais que van a determinar as posibilidades de desenvolvemento que se ofrecen a este concello, que derivarán en previsións de actividades económicas, que á súa vez determinarán as necesidades de emprego e de poboación, así como unha proxección final de necesidade de vivenda baseada nos parámetros anteriores, que en conxunto xustifican o dimensionado de espazos clasificados para as diferentes actividades.

Aos efectos de definir unha política xeral de prioridades que rexerán as previsións do presente PXOM no referente ao seu desenvolvemento para acadar a sustentabilidade e o aforro de solo esixible ao planeamento, o obxectivo principal será consolidar ou rematar as zonas edificables no seguinte orde:

1. En primeiro lugar, as zonas xa urbanizadas ou consolidadas (por tanto as zonas centrais dos núcleos urbanos e os rurais), que só requirirán labores circunstanciais de completamento da urbanización.
2. En segundo lugar, continuar nas prioridades polas zonas dos citados núcleos que aínda non están suficientemente consolidadas ou urbanizadas (solo urbano non consolidado e áreas de expansión de núcleo rural), que poderán requirir diversos graos de urbanización, segundo os casos.
3. Xa para rematar teríamos finalmente como último grao de prioridade as zonas aínda non urbanizadas correspondentes aos solos urbanizables, que requirirán labores de ocupación de solo en teoría virxe e non urbanizado (aínda que no presente caso moitos dos solos urbanizables teñen algún grao de ocupación por edificacións ou actividades, polo tanto non son por regra xeral novedosamente invasores).

Independentemente das prioridades xerais teóricas expostas no parágrafo anterior, existirán determinadas actuacións que requirirán de pequenas alteracións desas prioridades, por exemplo a execución de vivenda protexida, de case imposible execución en solo urbano consolidado ou en núcleo rural, polo tanto haberase de recorrer neste caso ás cotas mínimas esixibles no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable para poder materializalas, e polo tanto poderase requirir á entrada no mercado destes tipos de solo, denantes do seu momento teórico de prioridade, desenvolvéndose en paralelo ao primeiro ou segundo grupo de prioridade. O mesmo se pode dicir a respecto da posta no mercado de solo para determinados usos como as actividades empresariais que non se poden desenvolver nos núcleos actuais, e que precisarán de solo específico urbanizado coa antelación precisa denantes de ser necesarias efectivamente.



A capacidade que debe ofrecer o PXOM para os diferentes usos estará en función do horizonte que se teña establecido na estratexia de desenvolvemento e no seu prazo de vixencia estimado, debendo ter en conta que a posta en servizo dos terreos para os usos previstos lévase adiante en períodos variables de tempo, a través dos procesos de xestión e urbanización do solo, contando cos longos períodos que adoitan transcorrer entre a cualificación do novo solo a desenvolver, a planificación mediante os instrumentos de desenvolvemento, a súa efectiva urbanización e a construción final das edificacións que albergarán finalmente os usos previstos (intervidos estes procesos polos prazos previstos no Plan Xeral e os acordos establecidos para a materialización das actuacións programadas de transformación do solo e construción da edificación, así como pola evolución do mercado do solo e de vivenda no contorno comarcal ou territorial inmediato). Pola complexidade destes procesos o desenvolvemento urbanístico ten unha certa rixidez que cómpre ter en conta para non quedarse nin curtos nin excesivamente longos nas previsións do Plan.

A respecto dos prazos temporais estimados para establecer a capacidade das distintas actividades e usos (pero principalmente o residencial) do PXOM, deberase ter en conta que Camariñas é un concello cun pasado urbanístico case que inexistente, (na actualidade o planeamento en vigor é unha Delimitación de Solo Urbano con data de 29/01/81), existindo unicamente tres figuras de planeamento de desenvolvemento (tres estudos de detalle nos anos 2000, 2002 e 2004.) ademais do non previsto polo planeamento como o parque empresarial (dentro do Proxecto Sectorial de Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.), no que a propia elaboración do PXOM como primeiro instrumento urbanístico integral moderno vai ser un gran esforzo, que presumiblemente se vai a dilatar case ao longo de máis dun lustro por diversas corporacións e protagonistas políticos, polo tanto concibir aquí a redacción dun novo plan antes duns 20 anos parece unha quimera, polo que será necesario estudar unha capacidade residencial que poida cubrir as necesidades, polo menos durante 30 anos (para poder cubrir tamén a eventual tramitación dun novo Plan) e cunha marxe de elasticidade para poder responder a eventuais necesidades non previstas ou subdimensionadas, sen caer por outra banda no esgotamento prematuro do plan.

A estratexia concíbese pois para un período que está formado por tres cuadrienios da estratexia básica e do estudo económico do PXOM e como resto do plan os dez anos seguintes ata o seu total esgotamento, abrangendo polo tanto un período de 22 anos (2013-2034) que encaixan perfectamente co que se sinala neste plan como horizonte razoable de vixencia para o presente PXOM, contando coa folgura necesaria para a redacción e aprobación dun novo Plan Xeral.



2.3. ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PXOM.

2.3.1. O SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS.

O Plan Xeral, consciente da importancia que ten esta dimensión de ordenación urbanística, entendeu que a inmensa maioría dos equipamentos do sistema xeral, xa existente, están a cubrir correctamente as necesidades para as que foron creados e, xa que logo, o PXOM mantenos decote na súa condición.

Pero o esforzo do Plan foi tentar a previsión de novos equipamentos e complexos de equipamentos desta natureza, ligándoos polo común ao propio desenvolvemento urbanístico municipal, e tentando a mellor e máis diversa localización en función de parámetros como a accesibilidade para a maior poboación posible, a adecuación da zona para o uso dotacional que alí se vai implantar, o equilibrio territorial, as mellores condicións para a xestión dos terreos, a xeración dos menores impactos (medioambientais e paisaxísticos posibles), etc, criterios seguidos para a totalidade das novas implantacións, cuestión de doada comprobación, á sinxela vista dos planos e/ou á lectura dos epígrafes correspondentes.

Exponse no cadro, tanto aqueles espazos equipamentais xa existentes, como os de solo a obter, para o goce dos cidadáns.

**SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS E DOTACIONES COMUNITARIAS**

CLAVE	DENOMINACIÓN	OBTENCIÓN DE SOLO (SUPERFICIE)		
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL I
E-009	CEMITERIO MUNICIPAL	22.413		22.413
E-011	PISCINA CUBERTA		2.510	2.510
E-016	SERVIZOS MÚLTIPLES	1.357		1.357
E-023	CENTRO DE DÍA		679	679
E-025	SERVIZOS MÚLTIPLES / CONSULTORIO	311		311
E-028	CÁMARA AGRARIA	92		92
E-034	I.E.S. P.PORTO	15.411	1	15.412
E-035	CEIP Camariñas	7.719		7.719
E-040	GARDERÍA MUNICIPAL	3.808		3.808
E-042	CASA DA CULTURA		1.603	1.603
E-046	CASA DO CONCELLO	263		263
E-053	MUSEO CAMELLE XANDRIÑA	0	1.775	1.775
E-055	FOMENTO DE EMPREGO	306		306
E-056	I.S.M.	416		416
E-058	CASA DE PEDRA	368		368
E-064	PABELLÓN DA PONTE DO PORTO	4.828		4.828
E-065	BIBLIOTECA	99		99
E-067	MUSEO DO ENCAIXE	148		148
E-069	MERCADO	202		202
E-070	CEIP de PPorto	4.510		4.510
E-071	MUSEO DE MAN	368		368
E-075	CEIP - DEPORTIVO CAMELLE	2.850	3	2.853
E-077	CENTRO DE SAÚDE	368		368
E-078	ASOCIACIÓN XUBILADOS VILÁN	379		379
E-083	COLEXIO Camelle	160		160
		66.378	6.571	72.949

2.3.2. O SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES.

Certamente, dende a acción propositiva do Plan Xeral, o conxunto de espazos libres non só participa dunha visión sistémica referida á previsión de espazos ben dimensionados e axeitadamente distribuídos polo territorio, senón que incorpora unha compoñente ambiental que abrangue consideracións de preservación, ecoloxía e paisaxe.

A proposta de actuación no sistema xeral de espazos libre, lonxe de centrarse unicamente na redotación do tecido máis densificado dos núcleos, procurou a consecución dun sistema de



espazos vinculado aos de expansión da cidade que permitise a reformulación das relacións cidade-territorio de cara á integración ambiental e paisaxística de toda a ordenación. Neste intento concíbese a incorporación das ribeiras marítimas dos distintos núcleos, das ribeiras do río Concheiro e do rego de Camelle, constituíndo unha parte dos corredores propostos, definidos no apartado do proxecto medioambiental destas memorias.

Expóñense no cadro, tanto aqueles espazos xa existentes como os de solo a obter, e que no seu conxunto deberán ser tratados posteriormente para acadar a calidade de espazos libres como tales, para o goce dos cidadáns.

SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

CLAVE	DENOMINACIÓN	OBTENCIÓN DE SOLO (SUPERFICIE)		
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL
L-007	PASEO DE CAMELLE	11.149	1.776	12.925
L-012	CORREDOR DO CONCHEIROS	1.120	4.741	5.861
L-041	PARQUE DO CASTELO	12.786	2.775	15.561
L-046	E.L DO VOLUNTARIADO	31	20.746	20.777
L-050	PARQUE CAMARIÑAS		3.166	3.166
L-053	PARQUE DOS CASTROS		16.173	16.173
L-064	PASEO MARÍTIMO P.P.	4.213		4.213
L-070	PASEO DO VILÁN	2.990	15.177	18.167
L-094	PARQUE ALTO DO COTRO	11.523	14.513	26.036
L-103	PASEO DE AROU	3.181	6.087	9.268
L-121	PASEO PONTE DO PORTO	584	9.176	9.760
L-136	PASEO MARÍTIMO CAMARIÑAS	13.385	12.227	25.612
		60.963	106.556	167.519

2.3.3. O SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.

As infraestruturas de servizos urbanísticos son clave á hora de poder concretar un modelo de territorio sostible. A diagnose sobre as condicións de servizo das redes de infraestruturas básicas no concello de Camariñas amósanos unhas características de redes de moi baixa calidade e mesmo inexistentes. Hoxe pódese falar dun nivel de servizo notable no conxunto da provincia e por extensión da comunidade autónoma, mais da avaliación de cada un dos subsistemas integrantes afloran as principais eivas estruturais na articulación do espazo habitado, e que se manifestan nos concellos como Camariñas, onde as infraestruturas de servizos están lonxe de ser as necesarias para unha ocupación sostible do territorio.

Como obxectivo estratéxico establécese a consecución dun sistema de infraestruturas de servizo completo e eficaz para a cohesión territorial interna e, sobre todo externa, do modelo



de ordenación proposto. Certamente, a satisfacción deste obxectivo requirirá do mantemento do esforzo investidor en base a solucións técnicas non sinxelas que terán unha repercusión territorial supramunicipal, feito que obrigará a unha áxil coordinación interadministrativa.

A pesares da escasa marxe presupostaría do consistorio camariñán, un dos obxectivos principais do equipo municipal é a mellora e remate das redes de saneamento existentes, e sobre todo, a eliminación dos vertidos directos ao mar, aos ríos e aos regatos. As actuacións propostas nas infraestruturas de servizos teñen carácter estratéxico para o PXOM.

As infraestruturas existentes e previstas no novo PXOM, resúmense no seguinte cadro.

SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS URBANOS		OBTENCIÓN DE SOLO (SUPERFICIE)		
CLAVE	DENOMINACIÓN	OBTENCIÓN DE SOLO (SUPERFICIE)		
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL
I-001	E.D.A.R. CAMELLE/AROU	1.608		1.608
I-002	DEPÓSITO CAMELLE	134		134
I-003	E.T.A.P.	6.419		6.419
I-004	DEPÓSITO MUNICIPAL CAMARIÑAS I	200		200
I-005	EDAR. Ponte do Porto	7.483		7.483
I-006	EDAR CAMARIÑAS	3.875		3.875
I-007	EDAR XAVIÑA	64	1.578	1.642
I-008	E.T.A.P.	100		100
I-013	DEPÓSITO MUNICIPAL CAMARIÑAS II		200	200
I-018	CENTRAL PARQUE EÓLICO	7.495		7.495
I-019	FARO DE CABO VILAN	1.963		1.963
I-020	DEPÓSITO MUNICIPAL XAVIÑA	260		260
		29.602	1.778	31.380

2.3.4. O SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS E TRANSPORTES.

Desde o novo PXOM non se teñen proposto actuacións de importancia no que atinxe ao sistema xeral de transporte e comunicacións, reflectíndose na seguinte táboa o sistema xeral viario existente.



SISTEMA XERAL VIARIO					
CLAVE	NOME	TREITO	NOME	TIPO	SUPERFICIE
C-001	AC-432	1	Avda. da Coruña	I	228233
		2	Xaviña	I	
		3	A Ponte do Porto	I	
C-004	CP-1601	1	A Ponte do Porto	II	65628
		2	Camelle	II	
C-005	CP-1602	1	Arou	II	22197
C-006	CP--1603	1	A Ponte do Porto	II	8464
C-007	CP-9202	1	A Ponte do Porto	III	4985
C-003	CONEXIÓN NUCLEOS	1	Xaviña-Sta. Mariña	III	137449
		2	Sta. Mariña-Arou	III	
C-002	CAMARIÑAS-CABO VILÁN	1	Camariñas-Cabo Vilán	III	72434
C-008	AVDA. JUAN CARLOS I	1	Avda. Juan Carlo I	III	9147

2.4. ACTUACIÓNS PREFERENTES.

Resúmense neste capítulo aquelas actuacións de carácter preferente, dentro da estratexia para a definición do modelo territorial proposto no novo PXOM, nos distintos ámbitos de actuación de infraestruturas de servizos, equipamentos e espazos libres.

Infraestruturas de servizos:

A).-Rede de saneamento integral. Para o que serán necesario as seguintes actuacións:

- 1.- EDAR Xaviña (I-007).
- 2.- Mellorar os colectores das distintas redes de saneamento existente.
- 3.- Executar a rede de colectores da agrupación nuclear de Xaviña.

B).-Rede de abastecemento totalmente municipalizada, na que se propoñen as seguintes actuacións:

1. Aumentar a capacidade dos depósitos da rede, ampliando a capacidade dos depósitos da Ponte do Porto (I-003) e creación de novos depósitos, Xaviña (I-010) e Camariñas II (I-013).
2. Mellora e ampliación da rede xeral de abastecemento de auga.

Equipamentos:

Redotar o concello no ámbito asistencial, cultural e sanitario, coas seguintes actuacións preferenciais.

- 1.-Servizos múltiples de Ponte do Porto (E-016).
- 2.-Centro de Día de Camariñas (E-023).
- 3.-Museo Camelle Xandriña (E-053).

Espazos libres:

Para a consecución dun verdadeiro sistema de espazos libres acorde coa súa dimensión cualitativa e cuantitativa, estas son as actuacións preferentes.

- 1.-Paseo de Camelle (L-007).



- 2.-Parque do Castelo (L-041).
- 3.-Paseo Marítimo de Arou (L-103).
- 4.-Paseo de A Ponte do Porto (L-121).
- 5.-Paseo Marítimo de Camariñas (L-136).

2.5. ORDE DE PRIORIDADES DOS ÁMBITOS DE PLANEAMENTO.

Nas fichas de planeamento do Documento de Xestión do PXOM establécense uns prazos de desenvolvemento para cada un dos ámbitos de planeamento, pero por indicación da Memoria Ambiental emitida pola CMATI, establécense unhas condicións complementarias que se deberán cumprir para o desenvolvemento de cada ámbito, aos efectos de completar as tramas urbanas e ordenar racionalmente o crecemento dos núcleos de poboación existentes, e dar prioridade aos baleiros centrais da trama existente a respecto dos ámbitos periféricos de solo urbano non consolidado ou os solos urbanizables (normalmente tamén periféricos), pero establecendo tamén condicións temporais de non materialización destas prioridades aos efectos de anular retencións de terreos xa consolidados ou pendentes de urbanización, co obxecto de aumentar artificialmente o seu valor, de xeito que unha vez pasados certos prazos de tempo a respecto dos límites establecidos se liberan certos condicionantes de prioridade para permitir a satisfacción das necesidades reais de solo urbanizado que precise o mercado de vivenda ou de actividades económicas para o seu correcto funcionamento sen distorsións nin especulación.

A estes efectos os prazos iniciais das actuacións que o PXOM sinala no Documento de Xestión para o desenvolvemento cada un dos ámbitos de planeamento son os que se recollen no cadro seguinte, por cuadrienios:

1º CUADRIENIO	2º CUADRIENIO	3º CUADRIENIO	FORA DE PROGRAMA
APR-A2	APR-A1	APR-A10	APR-A11
APR-A3	APR-A7	UDI-A1	APR-B3
APR-A4	APR-A8	UDR-A1	APR-C4
APR-A5	APR-A9	UDR-A2	UDR-A3
APR-B4	APR-B2	UDR-B1	UNDR-B1
APR-B5	APR-C1		
APR-C2	UDI-B1		
APR-C3			
APR-A12			

Como condicións complementarias de prioridade (que deberán cumprirse obrigatoriamente, a non ser que se excedan en determinadas proporcións que se sinalarán, os prazos asignados de aprobación ou materialización dos ámbitos con maior prioridade teórica) nos ámbitos de planeamento en que se establezan como obrigadas unhas condicións suplementarias de prioridade (o que se sinalará –no seu caso- nas observacións da ficha correspondente de



xestión, facendo referencia ao presente apartado de prioridades) establécense as seguintes, clasificadas por tipoloxía ou cualificación de solo respectiva dos ámbitos de planeamento:

1. Para os ámbitos de planeamento de **solo urbano non consolidado**:

- Os ámbitos que desenvolvan as administracións públicas non se condicionan máis que pola súa ficha de planeamento e polos convenios que no seu caso se asinen.
- No resto dos ámbitos, deberán transcorrer os prazos de inicio establecidos pola súa ficha de planeamento (para a súa aprobación definitiva, por tanto poderanse iniciar a súa tramitación con carácter xeral dous anos antes de iniciarse o cuatrienio indicado na ficha), pero por causas xustificadas ou por non terse tramitado todos os ámbitos dos cuatrienios anteriores nos prazos previstos poderase adiantar o seu desenvolvemento.

2. Para os **Sectores de solo urbanizable delimitado**:

- Os ámbitos que desenvolvan as administracións públicas non se condicionan máis que pola súa ficha de planeamento e polos convenios que no seu caso se asinen.
- Para poder iniciar o procedemento de aprobación do resto de Sectores condicionados deberán ter aprobados definitivamente polo menos un cuarto (en número de ámbitos ou en superficie total) dos ámbitos de planeamento de solo urbano non consolidado (do núcleo ao que este anexoado o Sector) nos que estivese previsto o inicio do seu desenvolvemento nos cuatrienios anteriores ao que se establece para o Sector que se condiciona.
- Descontaranse do cómputo global (para determinar o % de superficie ou ámbitos aprobados) da condición establecida no parágrafo anterior, os ámbitos nos que (sen haber iniciado a súa tramitación) teña transcorrido a totalidade do cuatrienio en que deberán terse iniciado os ámbitos de planeamento de solo urbano non consolidado.
- Se non se tivese aprobado ningún dos ámbitos dos cuatrienios anteriores, admitirase que polo menos algún deles se atope en proceso de tramitación, pero deberán transcorrer polo menos 4 anos dende o ano final de remate deses cuatrienios anteriores para poder iniciar a tramitación do Sector que se condiciona. Se non se iniciase sequera a tramitación de ningún deses ámbitos de SUNC dos cuatrienios anteriores unha vez rematados eses seus respectivos cuatrienios de inicio, poderase iniciar a tramitación do Sector que se condiciona sen máis limitacións .

3. Para os ámbitos de planeamento de **solo urbanizable non delimitado** xa se establecen na Normativa condicións de prioridade e desenvolvemento previo condicionado no seu art. 9.3.1. "*Criterios para o desenvolvemento dos plans de sectorización*", que a tal efecto se reproducen aquí:



No que se refire ás condicións específicas de prioridade que deberán cumprir os primeiros sectores que se pretendan desenvolver nesta clase de solo, establécense unhas condicións mínimas que haberán de darse antes de proceder ao desenvolvemento de Plans de Sectorización, en función dos usos principais previstos, coa salvedade de que no caso de que se trate dunha actuación incluída nun Plan Sectorial autonómico ou dunha actuación pública co obxectivo de promover solo empresarial, facilitar o acceso á vivenda ou a promoción de vivenda protexida non se establecen limitacións ou condicións específicas de prioridade. As limitacións para os restantes casos son as seguintes.

1. Para o desenvolvemento de Plans de Sectorización excluídos das salvedades anteriores que contemplan usos residenciais ou hoteleiros respecto de máis do 50 % do aproveitamento total do sector a delimitar, as condicións mínimas que haberán de darse son as seguintes:

- Deberanse ter concedidas, nos núcleos rurais en contacto con (ou nas súas proximidades) esa zona de solo urbanizable non delimitado, un mínimo do 20 % de licenzas respecto do total de vivendas existentes á aprobación definitiva do PXOM (de non posuír datos neste sentido tomaranse como existentes as reflectidas no estudo demográfico do PXOM para a totalidade dos núcleos que se atopen en contacto directo co ámbito xeral de solo urbanizable non delimitado do que se trate).*
- No caso dos sectores situados no contorno dos núcleos urbanos deberanse ter aprobado polo menos algún dos sectores de solo urbanizable delimitado polo PXOM (agás que teña pasado máis dun cuatrienio dende o seu prazo de inicio de desenvolvemento establecido polo PXOM sen terse aprobado o correspondente Plan, pois neste caso poderá obviarse esta condición).*
- Os sectores a desenvolver deberán ter algunha superficie de contacto coa delimitación dalgún dos núcleos que estean situados nesa zona.*
- Os sectores a desenvolver deberán ter algunha superficie de contacto coa delimitación dalgún dos núcleos que estean situados nesa zona ou con algún dos sectores de solo urbanizable delimitado polo PXOM.*

2. Para o desenvolvemento de Plans de Sectorización excluídos das salvedades anteriores que contemplan usos industriais, terciarios ou comerciais respecto de máis do 50 % do aproveitamento total do sector a delimitar, as condicións mínimas que haberán de darse son as seguintes:

- Deberanse ter solicitadas en firme, polo menos, o 50% da superficie de parcelas previstas para estes usos por parte de empresas que desenvolvan ou pretendan desenvolver as súas actividades nesta zona.*
- Deberanse ter aprobado polo menos algún dos sectores de solo urbanizable delimitado para ese uso polo PXOM nesa zona ou o mais próximo (agás que teña*



pasado máis dun cuatrienio dende o seu prazo de inicio de desenvolvemento establecido polo PXOM sen terse aprobado o correspondente Plan, pois neste caso poderá obviarse esta condición).

2.6. ESTRATEXIA XERAL. PROGRAMA DE PRODUCCIÓN DE VIVENDA.

Aos efectos de cuantificar as vivendas demandadas como parámetro mínimo de referencia para valorar e contextualizar as reservas que establece o Plan, o crecemento poboacional esperado coas novas propostas induce a pensar nun incremento da demanda de vivenda no primeiro cuatrienio do PXOM, e tendo en conta que se estimaba a construción de vivenda na década nunhas 35 unidades anuais non sería excesivo pensar que esa cifra (35-40 anuais) se poida manter (polo menos a efectos de planificación, e agora máis xustificadas polo notable aumento esperado da demanda real), como vivendas necesarias nos próximos anos do primeiros cuatrienios, e como froito da evolución normal en función das posibilidades endóxenas do municipio, previsións que terán que desenvolverse (por necesidade de urxencia na súa disposición inmediata para edificar) no primeiro grupo de prioridades sinalado e para usos tanto residenciais como económicos, nas zonas xa urbanizadas ou consolidadas (zonas centrais dos núcleos urbanos e rurais). No resto de períodos de desenvolvemento darase por suposto que se manterán as actuacións neste grupo prioritario de actuación, tal e como se verá nos cadros de datos que se axunten, por ser o labor prioritario de consolidación que se pretende e de aforro de solo para acadar a sustentabilidade.

O solo que o presente Plan ordena é aquel mínimo preciso para poder garantir e facer efectiva (e a medida que se van precisando ou demandando) **tanto a dispoñibilidade dos terreos e/ou (no seu caso) a execución de todos os sistemas** (sobre todo os xerais, que son os que garanten que o plan poida acadar a funcionalidade prevista na súa dimensión en cada momento e co nivel de servizo demandado polos estándares) **e as propostas estratéxicas que están vinculadas ao desenvolvemento dos ámbitos** (Polígonos ou Áreas de Reparto en SUNC e Sectores en solo urbanizable) **como a construción das vivendas que demandará Camariñas nos próximos 12 a 22 anos** nos que se programan as actuacións principais do PXOM, mais os 10 anos contemplados para o remate das previsións nun escenario dinámico, ou máis nun escenario máis estático. Como é preceptivo na lexislación urbanística vixente, os solos cuxos desenvolvementos se programan por un plan xeral, teñen que ter fixados na propia normativa do mesmo os prazos para desenvolver cada unha das fases básicas de todo desenvolvemento urbanístico, que convén recordar:

- a) **Elaboración e aprobación do planeamento de desenvolvemento:** plans especiais de reforma interior, plans parciais, ou outras figuras complementarias destes.
- b) **Elaboración e aprobación dos instrumentos de equidistribución** das cargas e beneficios do planeamento, así como o(s) proxecto(s) de urbanización correspondentes.



- c) **Desenvolvemento efectivo das obras da completa urbanización** interna e conexión cos sistemas xerais correspondentes (de comunicación, de servizos de abastecemento de auga, de saneamento, de telecomunicacións, no seu caso, de transporte público, etc.)
- d) **A construción da edificación** a inzar conforme ás determinacións dos correspondentes plans de desenvolvemento.

Como é doado comprender, **todo este proceso non se pode completar antes de transcorridos entre uns seis e uns oito anos, como hipóteses abondo optimistas.**


Por conseguinte, **a disposición e programación de solo** para unha concreta necesidade de vivenda tirada das correspondentes prognoses da demanda para un tempo dado, **necesita facerse coa folgura precisa** de xeito que non se atore, atranque ou estrangule a oferta.

No cadro resumo no que se reflicte a fasificación do Programa (que se reproduce ao final do presente apartado), pode comprobarse como se ten en conta a necesidade de dimensionar de forma acaída evitando ese perigo. Nel pódese comprobar que o que analizamos vaise cumprindo ao longo dos anos de desenvolvemento do Plan, en cada un dos tres cuadrienios do Programa. Na primeira das columnas reflíctense os datos do total de vivendas que poden fornecer as distintas clases de solo ordenadas polo PXOM, comezando nas filas polos novos desenvolvementos urbanísticos, e logo o solo urbano consolidado e os Núcleos Rurais e descontando as vivendas de reposición (pero dado que no presente estudo económico o que máis importa é o desenvolvemento nos ámbitos de planeamento, serán estes os datos que comentemos en detalle).

E todo isto é consecuencia dos prazos de cada actuación concreta fixados, como obriga aos propietarios, nas fichas de planeamento dos solos de desenvolvemento para cada unha das accións que ese desenvolvemento supón (reflectidas cada unha delas cunha cor distinta para facilitar a comprensión do lector).


A partir das prioridades do plan para a execución das súas determinacións principais (sistemas xerais e locais viarios, dotacionais e de espazos libres) establécese unha programación do desenvolvemento dos ámbitos que se recolle con detalle e desagregación nos cadros que se axuntan ao final do presente Estudo Económico.

Aos efectos de cuantificar as vivendas que o Plan pode ofrecer a partir dos ámbitos que se iniciarán logo da súa entrada en vigor, no **primeiro cuadrenio** do PXOM, e tendo en conta os dilatados procesos de xestión xa comentados, a posibilidade de materialización de vivenda é a que se recolle no gráfico seguinte, con actuacións que non se rematan ata o ano 2020, e que supoñen unha posibilidade de materializar ata 235 vivendas.






Xa no **segundo cuatrienio**, as vivendas que o Plan pode ofrecer a partir dos ámbitos que se iniciarán nesa fase, a posibilidade de materialización de vivenda é a que se recolle no gráfico seguinte, con actuacións que non se rematan ata o ano 2024, e que supoñen unha posibilidade de materializar ata 235 vivendas.



A actividade continuaría no seguinte período (**terceiro cuatrienio** do PXOM) en que as vivendas que o Plan pode ofrecer a partir dos ámbitos que se iniciarán nesa fase, a posibilidade de materialización de vivenda é a que se recolle no gráfico seguinte, con actuacións que non se rematan ata o ano 2029, e que supoñen unha posibilidade de materializar ata 125 vivendas.



Xa **fóra de programa** desenvolveríanse as últimas actuacións que se recollen no cadro resumo.

Como conclusión hai que dicir que é a ordenación elaborada cos criterios que permitan ter en conta esa demanda con folgura (que para o conxunto do plan supón un coeficiente de rozamento de 1,42, ou sexa dun 42%) a que vai permitir que o resultado acumulado tenda a cero; en concreto, sobraría solo tan só para 1 vivenda. Porén, o importante é que nese final do ano 12 se disporá o solo que permita edificar 776 vivendas, sendo a demanda con folgura de 775. Isto é, magnitudes practicamente iguais, pero máis importante aínda é que a partir do ano 13 ata o ano 22 (ou sexa nos dez anos seguintes) aínda se poderá contar con solo para a produción de 416 vivendas. Esa diferenza é que se constitúe en colchón co que aguantar a produción de vivendas mentres, ou ben se revisa este PXOM, ou ben se elabora, tramita, redacta e se comeza a desenvolver un novo planeamento xeral, e tendo en conta que o plan estará esgotado en oferta 10 anos despois (en 2034) e estará completamente esgotado en demanda 12 anos despois (en 2036) de rematado o período de estratexia de 12 anos.

O cadro resumo de todas estas previsións (que é abondo explicativo da xustificación do dimensionado de solo residencial que se contempla no PXOM) recóllese na seguinte folla.



3. ESTUDO ECONÓMICO FINANCEIRO.



3.1. CUANTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PLAN.

Exponse a continuación a desagregación das actuacións referidas a sistemas xerais, así como plans especiais e plans sectoriais, aos efectos de cuantificar as superficies de solo xa existentes e as superficies a obter co desenvolvemento do plan, e a suma da totalidade das mesmas, para obter unha imaxe das dimensións que acadan no seu conxunto e facer posteriormente a avaliacións dos custos das mesmas.

3.1.1. SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS.

No eido dos sistemas xerais de equipamentos, de tódolos propostos polo novo PXOM, considéranse de carácter preferente os seguintes: o Centro de Servizos Múltiples (E-016) e o Centro de Día de Camariñas (E-023), que cubriría as eivas existentes, tanto a nivel asistencial como sanitaria do concello e o Museo Camelle Xandriña (E-053) completando e cubrindo a demanda cultural do concello.

Na seguinte táboa resúmense as propostas e prioridades do PXOM no relativo aos equipamentos de sistema xeral.

SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS						
CLAVE	NOME	SOLO			CONSTRUCCIÓN	VALOR TOTAL miles de euros
		OBTIDO	POR OBTER	VALOR miles euros	VALOR miles euros	
E-011	PISCINA CUBERTA		2.510	0	2000	2000
E-016	SERVICIOS MULTIPLES	1.357		0	1800	1800
E-023	CENTRO DE DÍA Camariñas		679	40	500	540
E-053	MUSEO CAMELLE XANDRIÑA		1.775	20	1100	1120

TOTAL 5.460

3.1.2. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES.

O concello de Camariñas presenta a día de hoxe unha grande eiva no referente aos espazos libres, tanto de sistema local como de sistema xeral, polo que dende o PXOM considéranse preferentes os seguintes espazos libres de sistema xeral, paseo de Camelle (L-007), parque do Castelo (L-041), paseo marítimo de Arou (L-103), paseo de Ponte do Porto (L-121) e paseo marítimo de Camariñas (L-136), conseguindo deste xeito a accesibilidade ao sistema xeral á meirande parte da poboación do concello camariñán.



SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES						
CLAVE	NOME	SOLO			CONSTRUCCIÓN	VALOR TOTAL miles de euros
		OBTIDO	POR OBTER	VALOR miles euros	VALOR miles euros	
L-007	PASEO DE CAMELLE	10.249	2.676	30	60	90
L-012	CORREDOR DO CONCHEIROS	0	29.481	0	600	600
L-041	PARQUE DO CASTELO	0	15.561	120	120	240
L-046	E.L. DO VOLUNTARIADO	0	20.776	105	205	310
L-050	PARQUE CAMARIÑAS	0	3.166	0	72	72
L-053	PARQUE DOS CASTROS	0	16.173	150	150	300
L-064	P.M. DE PONTE DO PORTO	4.213	0	0	0	0
L-070	PASEO DO VILÁN	0	18.167	180	200	380
L-094	PARQUE ALTO DO COTRO	0	26.036	0	300	300
L-103	P.M DE AROU	933	11.164	50	280	330
L-121	PASEO DE PONTE DO PORTO	0	9.760	100	260	360
L-136	P.M DE CAMARIÑAS	9.635	15.949	300	690	990
L-159	PARQUE DO MUSEO	0	514	0	5	5

TOTAL	3.977
--------------	--------------

3.1.3. SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS.

A actuación no sistema xeral de infraestruturas e servizos é considerado polo PXOM como estratéxico e prioritario e onde se deben de investir os esforzos para levar a cabo o modelo territorial proposto. Así pois, considérase claves e fundamentais, e con carácter preferente, as seguintes infraestruturas: a EDAR dos núcleos de Xaviña, coas conseguíntes actuacións de mellora e ampliacións das redes de servizos. Nas infraestruturas de servizo de abastecemento considérase de carácter prioritario as seguintes infraestruturas, depósitos de Camariñas II e depósito de Xaviña, así como a mellora e ampliación da rede.

SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS						
CLAVE	NOME	SOLO			CONSTRUCCIÓN	VALOR TOTAL miles de euros
		OBTIDO	POR OBTER	VALOR miles euros	VALOR miles euros	
I-007	EDAR XAVIÑA	64	1.578	10	1990	2000
I-013	DEPÓSITO MUNICIPAL CAMARIÑAS	0	200	1	599	600
I-020	DEPOSITO MUNICIPAL XAVIÑA	260	0	0	27	27

TOTAL	2.627
--------------	--------------

3.1.4. P.E.P.R.I. DO CASCO HISTÓRICO.

O Plan Especial do Casco Histórico de Camariñas inscríbese nunha estratexia global de ordenación que ten por obxecto a protección e posta en valor de elementos senlleiros da paisaxe cultural camariñán.

O Plan desenvolverase no ámbito expresamente delimitado nos planos de ordenación, terá o carácter de Plan de Protección e Rehabilitación, nos fins e obxectivos da protección definidos nos art. 45 e 46 da Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG) e concordantes coa Lei 18/1985, del Patrimonio Histórico Español (LPHE).

Aplicarase a Normativa Transitoria para o Casco Histórico de Camariñas.



3.1.5. PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 27/Maio/2004 (no que se incluía un sector en Camariñas) está en proceso de anulación e substitución por un novo Plan Sectorial (PSAEG-2012), pero o sector previsto en Camariñas foi ratificado mediante o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do día 4 de decembro de 2008, polo que se aproba definitivamente a modificación puntual do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais para o parque empresarial de Camariñas, e tamén mais recentemente se incorpora a este novo Plan Sectorial PSAEG-2012 como un ámbito en que se avalía a súa viabilidade en diversos eidos, por tanto mantén toda a súa vixencia.

3.1.5.1. Plan Sectorial de Camariñas (5 Ha).

Camariñas, Malpica e Muxía na Costa da Morte e Carnota, son pequenas actuacións locais de 5 Ha directamente vinculados á reactivación económica de municipios costeiros afectados polos vertidos do Prestige. Están situadas en núcleos pertencentes ao contorno de Centros Rurais (Camariñas, Muxía) ou pertencentes aos sistemas de asentamentos urbanos intermedios da costa de Bergantiños (Malpica) e da ría de Muros-Noia (Carnota).

O ámbito local de Camariñas amplía e complementa a oferta de Vimianzo na Terra de Soneira.

OFERTA DE SOLO E DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN	
CAMARIÑAS	
ÁMBITO DE SERVIZO	COMARCAL-BÁSICO
TOTAL DE EMPRESAS POTENCIALMENTE DEMANDANTES	957
EMPRESAS DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	597
SUPERFICIE DE ACTUACIÓN	5Ha

Aínda que a iniciativa desta actuación era da Xunta de Galicia no citado P.S. 2004, a anulación posterior deste P.S. ten modificado esa iniciativa, que retomará o propio Concello, dado que este sector é necesario para este Concello e para o seu desenvolvemento racional no aspecto económico e empresarial.

3.1.6. ACORDOS DE CONVENIO INCLUÍDOS NO PXOM.

3.1.6.1. Sector de Solo Urbanizable Industrial SUI-B1.

O Sector que se propón delimitar linda co núcleo urbano de Ponte do Porto, dando fronte á estrada provincial CP-1601 nunha lonxitude aproximada de 240 m e á estrada autonómica AC-432, nunha lonxitude aproximada de 200 m.

Actualmente non existe no termo municipal de Camariñas ningún solo urbano cualificado de uso industrial (agás o delimitado polo Plan sectorial de áreas empresariais da comunidade



autónoma de Galicia), sendo un inconveniente para o correcto funcionamento empresarial, o cal frea as expectativas de crecemento de emprego, tan necesario para este concello.

Ao estar o Plan Xeral de Ordenación Municipal en redacción, é polo que ambas partes entenden atoparse no momento oportuno para poñer en ditos terreos a delimitación dun Sector de solo urbanizable de uso industrial-empresarial para ser incorporado ao Documento do PXOM, co fin de dar solución ás carencias de solo desta natureza, posta de manifesto anteriormente.

Ó abeiro dos artigos 233, 234 e 235 do Título VIII da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e coa finalidade de reflectir no documento do PXOM un ámbito de solo urbanizable en ditos terreos que completen as aspiracións de ambas partes, tense asinado un Convenio Urbanístico cara á definición do urbanizable UDI-B1 (sector que está tamén incorporado ao novo Plan sectorial de solo empresarial de Galicia PSAEG-2012 e cun Proxecto Sectorial en tramitación).

3.2. AVALIACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PLAN.

O plan xeral, despois de determinar as actuacións a prever no solo delimitado no concello, e de orientar os custos previstos para levar a cabo, tanto os sistemas xerais como locais, obtidos ou non por cesións de solo nos diferentes ámbitos e sectores delimitados, fai unha previsión de prioridades para cada cuadrenio co fin de artellar a ferramenta que posibilite orientar os investimentos futuros para resolver a estratexia proposta.

Trala análise da capacidade investidora do concello, e de determinar cales son as administración que ata o de agora máis investiron nos últimos anos, o plan xeral establece un posible escenario de reparto de financiamento para os sistemas xerais e locais previstos no plan, para poderen así facer as reservas económicas oportunas.

A continuación amósanse os cadros de distribución por administración para cada sistema e o seu reparto por cuadrenio, para mostrar unha imaxe clara da estratexia trazada:

RESUME DA HIPÓTESE DE REPARTO DE INVERSIÓNS				
CUADRIENIO	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO	TOTAL
Q1	745	2.540	36	3.321
Q2	950	7.160	536	8.646
Q3	957	4.120	500	5.576
FP	1.605	7.685	1.600	10.889
TOTAL mil. Euros	4.256	21.504	2.672	28.433
% S/TOTAL	14,97	75,63	9,40	100,00

Débase sinalar a importancia da previsión do investimento previsto que terá o mercado sobre a totalidade do investimento total (un 4,03% s/total dos tres primeiros cuadrenios, mais hai que ter en conta que non se contabilizan aquí os custos do desenvolvemento de ámbitos pola



iniciativa privada) nun concello como o de Camariñas, mais será o mercado o que deba ceder por Lei os correspondentes espazos de sistemas xerais e locais que lle correspondan para desenvolver a súa actividade inmobiliaria. Ademais, sinalar tamén, a importancia do investimento que se prevé por parte da Xunta de Galicia no concello, toda vez que unha parte importante xa debe estar comprometida para executar o proxecto do saneamento íntegro do concello e unha serie de dotacións dentro do primeiro cuadrienio.

Despois de facer unha axeitada distribución do esforzo investidor para os distintos cuadrienios e segundo as diferentes administracións intervenientes, chegamos a facer conclusión das necesidades de cada unha delas en cada cuadrienio, de xeito que se pode obter unha imaxe global das previsións a facer para poder concluír a estratexia considerada polo Plan Xeral.

Nos seguintes cadros amósase dita imaxe, onde se comproba a necesidade de, polo menos, manter os investimentos anuais que fai a Deputación, e o importante pulo investidor que por parte da Xunta se debería producir nos vindeiros anos, toda vez que parte destes investimentos xa están previstos e outros serían necesarios, unha vez producida a actuación do sector privado nos ámbitos propostos (co correspondente investimento pola banda privada para urbanizar os viarios, espazos libres e zonas verdes propostos), xerando novo solo público, en disposición de completar con máis investimento público para novas dotacións.



FINANZAMENTO DO CONCELLO POR CUADRIENIOS							
ACTUACIÓNS ASISTEMÁTICAS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL APORTAR CONCELLO	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
	PEPRI Casco Histórico	15.000	1.500	200	200	500	600
	PEP Batería do Soberano	100	10	5	5	0	0
	PEP Castro Mourín	50	5	0	3	2	0
	SUI-A1. Camariñas	1.219	609	0	0	305	305

TOTAL mil. Euros	2.124	205	208	807	905
-------------------------	--------------	------------	------------	------------	------------

SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL APORTAR CONCELLO	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
E-011	PISCINA CUBERTA	2000	400	0	0	0	400
E-016	SERVICIOS MULTIPLES	1800	360	300	60	0	0
E-023	CENTRO DE DÍA Camariñas	540	60	0	60	0	0
E-053	MUSEO CAMELLE XANDRIÑA	1120	220	0	220	0	0

TOTAL mil. Euros	1.040	300	340	0	400
-------------------------	--------------	------------	------------	----------	------------

SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL APORTAR CONCELLO	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
L-007	PASEO DE CAMELLE	90	20	0	20	0	0
L-012	CORREDOR DO CONCHEIROS	600	0	0	0	0	0
L-041	PARQUE DO CASTELO	240	240	240	0	0	0
L-046	E.L. DO VOLUNTARIADO	310	0	0	0	0	0
L-050	PARQUE CAMARIÑAS	72	0	0	0	0	0
L-053	PARQUE DOS CASTROS	300	300	0	0	0	300
L-070	PASEO DO VILÁN	380	0	0	0	0	0
L-094	PARQUE ALTO DO COTRO	300	300	0	150	150	0
L-103	P.M DE AROU	330	40	0	0	40	0
L-121	PASEO DE PONTE DO PORTO	360	0	0	0	0	0
L-136	P.M DE CAMARIÑAS	990	0	0	0	0	0
L-159	PARQUE DO MUSEO	5	5	0	5	0	0

TOTAL mil. Euros	905	240	175	190	300
-------------------------	------------	------------	------------	------------	------------

SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL APORTAR CONCELLO	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
I-007	EDAR XAVIÑA	2000	200	0	200	0	0
I-013	DEPÓSITO MUNICIPAL CAMARIÑAS II	600	0	0	0	0	0
I-020	DEPÓSITO MUNICIPAL XAVIÑA	27	27	0	27	0	0

TOTAL mil. Euros	227	0	227	0	0
-------------------------	------------	----------	------------	----------	----------

TOTAL FINANZAMENTO DO CONCELLO	4.296	745	950	997	1.605
---------------------------------------	--------------	------------	------------	------------	--------------



FINANZAMENTO DE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS POR CUADRIENIOS							
ACTUACIÓNS ASISTEMÁTICAS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
	PEPRI Casco Histórico	15.000	11.500	0	2.875	2.875	5.750
	PEP Bateria do Soberano	100	90	45	45	0	0
	PEP Castro Mourín	50	45	0	25	20	0
	SUI-A1. Camariñas	1.219	609	0	0	305	305

TOTAL mil. Euros	12.244	45	2.945	3.200	6.055
-------------------------	---------------	-----------	--------------	--------------	--------------

SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
E-011	PISCINA CUBERTA	2000	1600	0	0	500	1.100
E-016	SERVICIOS MULTIPLES	1800	1440	720	720	0	0
E-023	CENTRO DE DÍA Camariña	540	480	480	0	0	0
E-053	MUSEO CAMELLE XANDRIÑA	1120	900	600	300	0	0

TOTAL mil. Euros	4.420	1.800	1.020	500	1.100
-------------------------	--------------	--------------	--------------	------------	--------------

SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
L-007	PASEO DE CAMELLE	90	70	35	35	0	0
L-012	CORREDOR DO CONCHEIROS	600	0	0	0	0	0
L-041	PARQUE DO CASTELO	240	0	0	0	0	0
L-046	E.L. DO VOLUNTARIADO	310	310	0	0	160	150
L-050	PARQUE CAMARIÑAS	72	0	0	0	0	0
L-053	PARQUE DOS CASTROS	300	0	0	0	0	0
L-070	PASEO DO VILÁN	380	380	0	0	0	380
L-094	PARQUE ALTO DO COTRO	300	0	0	0	0	0
L-103	P.M DE AROU	330	290	145	145	0	0
L-121	PASEO DE PONTE DO PORTO	360	360	0	100	260	0
L-136	P.M DE CAMARIÑAS	990	990	495	495	0	0
L-159	PARQUE DO MUSEO	5	0	0	0	0	0

TOTAL mil. Euros	2.400	675	775	420	530
-------------------------	--------------	------------	------------	------------	------------

SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
I-007	EDAR XAVIÑA	2000	1800	0	1800	0	0
I-013	DEPÓSITO MUNICIPAL CAMARIÑAS II	600	600	0	600	0	0
I-020	DEPÓSITO MUNICIPAL XAVIÑA	27	0	0	0	0	0

TOTAL mil. Euros	2.400	0	2.400	0	0
-------------------------	--------------	----------	--------------	----------	----------

TOTAL FINANZAMENTO OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	21.464	2.520	7.140	4.120	7.685
--	---------------	--------------	--------------	--------------	--------------



FINANZAMENTO DO MERCADO POR CUADRIENIOS							
ACTUACIÓNS ASISTEMÁTICAS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL APORTADO MERCADO	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
	PEPRI Casco Histórico	15.000	2.000	0	500	500	1.000
	PEP Bateria do Soberano	100	0	0	0	0	0
	PEP Castro Mourín	50	0	0	0	0	0
	SUI-A1. Camariñas	1.219	0	0	0	0	0

TOTAL mil. Euros	2.000	0	500	500	1.000
-------------------------	--------------	----------	------------	------------	--------------

SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL APORTADO MERCADO	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
E-011	PISCINA CUBERTA	2000	0	0	0	0	0
E-016	SERVICIOS MULTIPLES	1800	0	0	0	0	0
E-023	CENTRO DE DÍA Camariña	540	0	0	0	0	0
E-053	MUSEO CAMELLE XANDRIÑA	1120	0	0	0	0	0

TOTAL mil. Euros	0	0	0	0	0
-------------------------	----------	----------	----------	----------	----------

SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL APORTADO MERCADO	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
L-007	PASEO DE CAMELLE	90	0	0	0	0	0
L-012	CORREDOR DO CONCHEIROS	600	600	0	0	0	600
L-041	PARQUE DO CASTELO	240	0	0	0	0	0
L-046	E.L. DO VOLUNTARIADO	310	0	0	0	0	0
L-050	PARQUE CAMARIÑAS	72	72	36	36	0	0
L-053	PARQUE DOS CASTROS	300	0	0	0	0	0
L-070	PASEO DO VILÁN	380	0	0	0	0	0
L-094	PARQUE ALTO DO COTRO	300	0	0	0	0	0
L-103	P.M DE AROU	330	0	0	0	0	0
L-121	PASEO DE PONTE DO PORTO	360	0	0	0	0	0
L-136	P.M DE CAMARIÑAS	990	0	0	0	0	0
L-159	PARQUE DO MUSEO	5	0	0	0	0	0

TOTAL mil. Euros	672	36	36	0	600
-------------------------	------------	-----------	-----------	----------	------------

SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS							
CLAVE	NOME	VALOR TOTAL DA ACTUACIÓN	VALOR TOTAL APORTADO MERCADO	CUADRIENIO			
				Q1	Q2	Q3	FP
I-007	EDAR XAVIÑA	2000	0	0	0	0	0
I-013	DEPÓSITO MUNICIPAL CAMARIÑAS II	600	0	0	0	0	0
I-020	DEPÓSITO MUNICIPAL XAVIÑA	27	0	0	0	0	0

TOTAL mil. Euros	0	0	0	0	0
-------------------------	----------	----------	----------	----------	----------

TOTAL FINANZAMENTO DO MERCADO	2.672	36	536	500	1.600
--------------------------------------	--------------	-----------	------------	------------	--------------



3.2.1. COSTES DE URBANIZACIÓN DOS SISTEMAS LOCAIS EN ÁMBITOS.


Establécense orientativamente orzamentos de urbanización aos efectos de incluír no presente documento o investimento previsto, dado que aínda que existen diversos acordos non se teñen acadado ou asinado convenios concretos (a pesares de que se está a traballar na súa xestión nestes ámbitos -polo menos nos prioritarios- antes da aprobación inicial do PXOM).

No cadro seguinte recóllese eses orzamentos orientativos:

COSTES URBANIZACIÓN SISTEMAS LOCAIS EN ÁMBITOS						
Q	Ámbitos	SL_viaro 15%/S.bruta	TOTEuros 110	SL_EL-ZV m2s	TOTEuros 25	TOTEuros
2	APR-A1	314	37.620	365	10.948	48.568
1	APR-A2	402	48.201	434	13.014	61.215
1	APR-A3	1.212	145.422	1.309	39.264	184.686
1	APR-A4	4.487	538.385	3.930	117.906	656.291
1	APR-A5	1.588	190.551	1.620	48.590	239.141
2	APR-A7	522	62.607	1.632	48.960	111.567
2	APR-A8	836	100.276	902	27.074	127.350
2	APR-A9	454	54.506	491	14.717	69.222
3	APR-A10	1.206	144.740	868	26.053	170.793
FP	APR-A11	9.055	1.086.581	6.037	181.097	1.267.678
1	APR-A12	237	28.458	-	-	28.458
2	APR-B2	719	86.331	480	14.388	100.719
FP	APR-B3	1.770	212.343	1.593	47.777	260.120
1	APR-B4	902	108.276	920	27.610	135.887
1	APR-B5	1.487	178.433	1.071	32.118	210.551
2	APR-C1	999	119.866	666	19.978	139.843
1	APR-C2	922	110.685	830	24.904	135.589
1	APR-C3	488	58.565	381	11.420	69.985
FP	APR-C4	946	113.491	631	18.915	132.406
3	UDR-A1	4.573	548.779	3.049	91.463	640.242
3	UDR-A2	2.109	253.093	1.406	42.182	295.275
FP	UDR-A3	2.358	282.953	1.572	47.159	330.112
3	UDR-B1	5.960	715.253	3.974	119.209	834.462
FP	UNDR-B1	4.569	548.292	3.046	91.382	639.674
3	UDI-A1	8.707	1.044.791	5.804	174.132	1.218.923
2	UDI-B1	26.685	4.847.102	29.421	882.630	5.729.732
	APR	28.544	3.425.337	24.158	724.735	4.150.071
	UDR	15.001	1.800.077	10.000	300.013	2.100.090
	UNDR	4.569	548.292	3.046	91.382	639.674
	UDI	35.392	5.891.894	35.225	1.056.762	6.948.656
	TOTAL	83.506	11.665.600	72.430	2.172.891	13.838.491
		SL_viaro	TOT Euros	SL_EL-ZV	TOT Euros	TOT Euros
	Q1	11.488	1.378.518	10.494	314.828	1.693.346
	Q2	30.529	5.308.308	33.956	1.018.694	6.327.002
	Q3	22.555	2.706.656	15.101	453.039	3.159.695
	FP	18.934	2.272.118	12.878	386.330	2.658.448
	TOTAL	83.506	11.665.600	72.430	2.172.891	13.838.491

**3.3. RESUMO DO FINANZAMENTO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS.**

FINANZAMENTO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS POR ADMINISTRACIÓN E CUADRIENIOS								
ACTUACIÓNS ASISTEMÁTICAS PRIORITARIAS								
		Q1	Q2	Q3	FP	TOTAL	% S/TOTAL	
TOTAL mil. Euros	16.319							
		CONCELLO	205	205	805	905	2.119	12,99
		OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	45	2.920	3.180	6.055	12.199	74,76
PEPRI Casco Histórico	15.000	MERCADO	0	500	500	1.000	2.000	12,26
PEP Bateria do Soberano	100							
SUI-A1. Camariñas	1.219					16.319		
SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS PRIORITARIOS								
		Q1	Q2	Q3	FP	TOTAL	% S/TOTAL	
TOTAL mil. Euros	3.460							
		CONCELLO	300	340	0	0	640	18,50
		OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	1.800	1.020	0	0	2.820	81,50
E-016 SERVICIOS MULTIPLES	1.800	MERCADO	0	0	0	0	0	0,00
E-023 CENTRO DE DÍA Camariñas	540							
E-053 MUSEO CAMELLE XANDRIÑA	1.120					3.460		
SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES PRIORITARIOS								
		Q1	Q2	Q3	FP	TOTAL	% S/TOTAL	
TOTAL mil. Euros	2.010							
		CONCELLO	240	20	40	0	300	14,93
		OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	675	775	260	0	1.710	85,07
L-007 PASEO DE CAMELLE	90	MERCADO	0	0	0	0	0	0,00
L-041 PARQUE DO CASTELO	240							
L-103 P.M DE AROU	330					2.010		
L-121 PASEO DE PONTE DO PORTO	360							
L-136 P.M DE CAMARIÑAS	990							
SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS PRIORITARIOS								
		Q1	Q2	Q3	FP	TOTAL	% S/TOTAL	
TOTAL mil. Euros	2.627							
		CONCELLO	0	227	0	0	227	8,64
		OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	0	2400	0	0	2.400	91,36
I-007 EDAR XAVIÑA	2.000	MERCADO	0	0	0	0	0	0,00
I-013 DEPÓSITO MUNICIPAL CAMARIÑAS II	600							
I-020 DEPÓSITO MUNICIPAL XAVIÑA	27					2.627		
TOTAL DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS		3.265	8.407	4.784	7.959	24.416		



ESQUEMA DE PRIORIDADES DO PXOM

3.4. DETERMINACIÓNS FINAIS SOBRE O FINANCIAMENTO TOTAL DO PLAN.

O investimento total previsto no PXOM é de 41 millóns de €, para o período próximo de 22 anos, porque hai que ter en conta os dez anos de solapamento dos que se falou máis atrás. Así, dentro da propia programación para o horizonte dos vindeiros 12 anos (Q1+Q2+Q3) resulta un total de 27,5 mill €, e de xeito aproximativo representa un investimento esperado duns 2,3 mill €/ano nese período de 12 anos, e se consideramos a totalidade do programa a 22 anos serían 1,9 mill €/ano (que se incorporan como un novo período suplementario aos tres cuadrienios anteriores, denominado como Fora de Programa –FP-), todo iso segundo o cadro que se reflicte de seguido como resumo:

	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO	VALOR TOTAL miles de euros	%
Q1	745	2.520	1.729	4.994	12,17%
Q2	950	7.140	6.863	14.953	36,42%
Q3	997	4.120	2.441	7.557	18,41%
FP	1.605	7.685	4.258	13.548	33,00%
TOTAL	4.296	21.464	15.292	41.052	100,00%
%	10,47%	52,29%	37,25%	100,00%	



O meirande peso do investimento vai dirixido cara as administracións non municipais, tendo así unha carga duns 21,5 millóns €, supondo o 52 % do total do PXOM. De seguido é cara o mercado cuns 15,3 millóns € e o 37 % do PXOM, e finalmente cara ao Concello a quen se dirixe un investimento duns 4 millóns € supondo o 10 % do total do plan xeral.

A distribución temática das actuacións a financiar recollese no cadro resume seguinte:

Grupos temáticos de financiamento	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO	VALOR TOTAL miles de euros	%
ACTUACIÓNS ASISTEMÁTICAS	2.124	12.244	2.000	16.369	39,87%
SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS	1.040	4.420	0	5.460	13,30%
SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES	905	2.400	672	3.977	9,69%
SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS	227	2.400	0	2.627	6,40%
URBANIZACIÓN DE ÁMBITOS	0	0	12.620	12.620	30,74%
TOTAL	4.296	21.464	15.292	41.052	100,00%

O maior investimento do Plan Xeral vai encamiñado ás actuacións sobre ámbitos de protección ou de desenvolvemento produtivo (que aquí denominamos como asistemáticas), cunha previsión duns 16,4 millóns de euros, o que resulta un 40 % sobre o total do Plan Xeral. O seu financiamento vai dirixido necesariamente a cargo maioritario das administracións non municipais (12 millóns de euros), e logo do Mercado (2 millóns de euros) e do Concello (2 millóns de euros) nos procesos de protección de ámbitos de Plan Especial ou de urbanización do Parque Empresarial.

O sistema xeral de equipamentos e dotacións acada tamén importantes investimentos, xa que se prevén 5 millóns de euros (13 % do total do Plan Xeral), e cuxo financiamento se reparte basicamente entre as administracións non municipais (4,4 millóns de euros) e o Concello (1 millóns de euros).

O sistema xeral de espazos libres e zonas verdes acada tamén importantes investimentos, xa que prevense 4 millóns de euros (10 % do total do Plan Xeral), e cuxo financiamento se reparte ente as administracións non municipais (2,4 millóns de euros), o Concello (0,9 millóns de euros), e o Mercado (0,7 millóns de euros).

No sistema de infraestruturas de servizos urbanos acádase un investimento de 2,6 millóns de euros e con cargo as administracións non municipais (2,4 millóns de euros) e o Concello (0,2 millóns de euros), case exclusivamente para servizos xerais de saneamento e abastecemento de auga.

Na urbanización das áreas de desenvolvemento previstas acádase un investimento de 12,6 millóns de euros e con cargo exclusivamente ao Mercado, dado que o Parque Empresarial é tamén unha áreas de desenvolvemento pero se ten contemplado no grupo das actuacións asistemáticas.



De cara a obter unha imaxe final nidia do bosquejo feito dende o plan xeral no reparto entre os distintos axentes financeiros dos investimentos das diferentes actuacións e sistemas de carácter xeral, expóñense as seguintes conclusións deducidas a partir dos anteriores cadros-resumo:

- **ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS:** 21,4 millóns € (52% s/TOT PXOM), destinados basicamente á execución das actuacións sobre ámbitos de protección ou de desenvolvemento produtivo (12 millóns €), e en menor medida a sufragar o custo de equipamentos e dotacións ou espazos libres de carácter xeral e infraestruturas xerais.
- **CONCELLO:** 4 millóns € (10,5% s/TOT PXOM), principalmente actuacións sobre ámbitos de protección ou de desenvolvemento produtivo (2,1 millóns €), e en menor medida a sufragar o custo de equipamentos e dotacións ou espazos libres de carácter xeral e infraestruturas xerais.
- **MERCADO:** 15,3 millóns € (37% s/TOT PXOM) repartidos principalmente entre a urbanización de ámbitos produto do desenvolvemento urbanístico do PXOM, que correrán principalmente a cargo deste axente (12,6 millóns €), as actuacións sobre ámbitos de protección ou de desenvolvemento produtivo (2 millóns €), e en menor medida a sufragar o custo de espazos libres de carácter xeral.

Cómpre indicar que as xustificacións sobre a viabilidade destas asignacións, así como da sustentabilidade económica e a xustificación de que os custos do plan (e o posterior mantemento dos elementos que o requiran, no seu caso) poden ser asumidos polos distintos axentes que interveñen no seu financiamento (e sobre todo os que corren a cargo do Concello), recóllense no *Informe ou memoria de sustentabilidade económica* que incorpórase á documentación do PXOM.

Pontevedra, Outubro do 2012.

Asdo. Xoán Carlos Portela Regodeseves
Director do Equipo